

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i 2023-2024

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en adiante, a Consellería), nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16.05.2022), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo), de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Compre, polo tanto, contar cun conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciáanse accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrência competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG, a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

QUINTO.- Que Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea e Europa

innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

SEXTO.- A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico facer mais visible e accesible a oferta de coñecemento e facilitar a transferencia ao conxunto do tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), integrándose polo tanto no programa Integra.

SÉTIMO.- O 13 de xullo do ano 2021 asinouse un "Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022", que tivo unha addenda asinada o 10 de outubro de 2022.

OITAVO.- Que para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica; para elo, a Universidade de Vigo presenta un

programa de necesidades da súa actividade investigadora, co fin de desenvolver accións de mellora en diferentes aspectos. A partir da situación actual, a Consellería considera necesario impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

NOVENO.- Nos anos 2023 e 2024 é necesario continuar con aquelas actuacións que están a ter un gran impacto non só dentro do ámbito universitario senón na sociedade como é o progreso desta Universidade nos seus ámbitos de especialización ao redor das TIC, a sustentabilidade e á enxeñaría e industria.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UVigo para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

O orzamento será de 3.477.684,55 €, distribuídos nas anualidades 2023 e 2024, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS

1. CAPTACIÓN DE TALENTO				
		2023	2024	TOTAL
Incentivos á instalación do talento captado	Paquete de benvinda investigadores novos (R&C, ERCs, JdC)	200.000,00		200.000,00
Captación de talento para novas necesidades estratéxicas	Contratación investigadores, captación talento	95.000,00		95.000,00
SUBTOTAL		295.000,00	0,00	295.000,00
2. CENTROS				
		2023	2024	TOTAL
2.1. Xornadas portas abertas/divulgación				

Xornadas portas abertas dos centros singulares de investigación da UVIGO	CIM, CINBIO, AtlanTTIC	30.000,00	33.000,00	63.000,00
Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa	Actividades de difusión da ciencia e promoción de vocacións científicas	45.000,00		45.000,00
2.2. Accións Formativas				
Formación persoal	Oficina proxectos internacionais, OTRI, Servizo de apoio a investigación	5.000,00		5.000,00
2.3. Expansión dos centros				0,00
CIM	Asesoramento externo, entre outros	35.000,00		35.000,00
CINBIO	Organización evento científico	35.000,00		35.000,00
AtlanTTic	Pago publicacións, asesoría externa para benchmarking, elaboración vídeos de difusión, pago cuotas, pequeno equipamento	18.500,00		18.500,00
Outros gastos nos centros de investigación e centros de apoio á investigación	alfabetización oceánica na Década dos Océanos	50.000,00		50.000,00
2.4. Apoio accións específicas de alto impacto		0,00		0,00
Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	CIM	135.000,00		135.000,00
	CINBIO	49.000,00		49.000,00
	AtlanTTic	148.500,00		148.500,00
Financiamento dos centros CIGUS	CIM	75.555,56	151.111,11	226.666,67
	CINBIO	138.194,55	276.389,10	414.583,65
	AtlanTTic	60.444,44	120.888,89	181.333,33
SUBTOTAL		825.194,55	581.389,10	1.406.583,65
3. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN				
		2023	2024	TOTAL
3.1. Apoio transformación agrupacións estratéxicas saíntes				
3.1.1. Reforzo estruturas xestión. Apoio campus especialización e antigas agrupacións estratéxicas				
ECOBAS	Apoio externo propostas ERC/outros, comités Externo, acción de difusión, Viaxes e dietas, material informático e funxible, organización de workshops e seminarios	50.000,00		50.000,00
Especialización Creatividade	Revista CREA, asesoría técnica, actualización web, organización de eventos, actualización soportes comunicativos	15.000,00		15.000,00

Especialización Tecnoloxía	Apoio iniciativas de investigación de estudantes, traballos de melloras para a acreditación do Campus, traballos de mantemento e actualizacións periódicas da web, equipos informáticos	15.000,00		15.000,00
Especialización C. Auga	Material difusión, cuotas asociación, creación, actualización e mantemento da páxina web, reedición da documentación para a acreditación do Campus, organización conferencias	20.000,00		20.000,00
3.2. Apoio á creación doutras estruturas				
CINTECX	Servizos externos, viaxes e axudas de custo, material funxible, pequeno equipamento, pago cuotas	50.000,00		50.000,00
Instituto de agroecoloxía e alimentación	Deseño de Identidade Visual Corporativa e da web en tres linguas, material de comunicación, sinalética, elaboración de carteira de servizos, consultaría e asesoramento, melloras en instalacións e laboratorios, taxas, material funxible	20.000,00		20.000,00
Instituto Linguaxe e Cognición	Equipamento, pequenas obras, difusión en redes	5.000,00		5.000,00
Instituto de Xustiza e Xénero	Material informático, material funxible, RRSS, organización y asistencia a congresos	10.000,00		10.000,00
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais	Gastos de consultaría, servizos informáticos, equipamento informático, organización de xornadas	20.000,00		20.000,00
SUBTOTAL		205.000,00	0,00	205.000,00
4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN				
		2023	2024	TOTAL
ACONDICIONAMENTO FFT zona Enx. Química		170.000,00		170.000,00
Acondicionamento CACTI - Planta Piloto		70.000,00		70.000,00
Acondicionamento módulo 3 CINBIO para captación de talento		277.335,00		277.335,00
Mobiliario módulo 3 CINBIO e laboratorio cuántico para captación de talento		200.000,00		200.000,00
SUBTOTAL		717.335,00	0,00	717.335,00
5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+I				
		2023	2024	TOTAL

Proxectos colaborativos UVIGO-UMINHO			50.000,00	50.000,00
Apoio a organización de congresos internacionais		40.000,00	35.000,00	75.000,00
Lingua galega	Apoio a Servizo de Publicacións na edición de bibliografía en galego e outras accións de apoio a o galego	20.000,00		20.000,00
Políticas de ciencia aberta	Integración European Open Cloud e portal en aberto da investigación	22.000,00		22.000,00
Apoio a implantación do selo HR na UVigo		20.000,00		20.000,00
Patentes		25.000,00		25.000,00
Proxecto escavación Adro Vello		193.000,00		193.000,00
Documental sobre Dereito Civil de Galicia		40.000,00		40.000,00
Prórroga contratos posdoutorais-A 2019		134.582,65	60.183,25	194.765,90
SUBTOTAL		494.582,65	145.183,25	639.765,90
6. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO NA CALIDADE DA DOCENCIA				
		2023	2024	TOTAL
Estratexia de apoio aos Másteres de excelencia	M. Tradución para a comunicación internacional	20.000,00	20.000,00	40.000,00
	M. Biotecnoloxía avanzada	10.000,00	10.000,00	20.000,00
	M. Matemática industrial	7.000,00	7.000,00	14.000,00
Experiencia piloto centro docente innovador	Experiencia piloto de mestrado dual	20.000,00	20.000,00	40.000,00
	Experiencia piloto centros docentes innovadores	15.000,00		15.000,00
	Servizo de virtualización de laboratorios	35.000,00		35.000,00
	Grao excelente innovador		50.000,00	50.000,00
SUBTOTAL		107.000,00	107.000,00	214.000,00
TOTAL		2.644.112,20	833.572,35	3.477.684,55

SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D+i (6) coa Universidade Vigo para o período 2023-2024, tal e como se detallan a continuación:

1. CAPTACIÓN DE TALENTO

Esta achega distribuirase:

1. CAPTACIÓN DE TALENTO			
		2023	2024
Incentivos á instalación do talento captado	Paquete de benvida investigadores novos (R&C, ERCs, JdC)	200.000,00	
Captación de talento para novas necesidades estratéxicas	Contratación investigadores, captación talento	95.000,00	
SUBTOTAL		295.000,00	0,00

Nos últimos anos a UVigo vén desenvolvendo unha política activa para atraer talento investigador á Universidade. Tendo en conta que a UVigo é nova, pouco coñecida nalgúns campos e en fase de consolidación do seu prestixio internacional, o obxectivo desta acción é ofrecer incentivos no referido á instalación de investigadores/as, cesión e adaptación de espazos, provisión de laboratorios ou contratación de persoal de apoio, xerando unha masa crítica e impulsando novos grupos de investigación.

As actuacións a levar a cabo son:

i. Incentivos á instalación do talento captado:

- Nos últimos anos a Universidade de Vigo aumentou significativamente a captación de investigadores *Ramon y Cajal* así como investigadores con contratos *Juan de la Cierva* y ERCs. Unha das claves para a captación destas figuras é ofrecer un paquete de benvida para a súa instalación, incluíndo: acondicionamento de laboratorios, compra de equipamento inventariable, adquisición de consumibles, para iniciar a súa liña de investigación.

ii. Captación de talento para novas necesidades estratéxicas:

- Inclúese neste apartado accións relacionadas con apoio ao retorno e instalación na Universidade de Vigo do investigador Luis Liz Marzán, investigador de prestixio internacional.

- Neste apartado, inclúense viaxes e dietas relacionados coa captación de talento internacional e o o apoio a tres investigadores da universidade pertencentes a programas de captación de talento (R&C, Beatriz Galindo e JdC).

2. CENTROS

Esta achega distribuirase:

2. CENTROS			
		2023	2024
2.1. Xornadas portas abertas/divulgación			
Xornadas portas abertas dos centros singulares de investigación da UVIGO	CIM, CINBIO, AtlantTIC	30.000,00	33.000,00
Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa	Actividades de difusión de la ciencia y promoción de vocacións científicas	45.000,00	
2.2. Accións Formativas			
Formación persoal	Oficina proxectos internacionais, OTRI, Servizo de apoio a investigación	5.000,00	
2.3. Expansión dos centros			
CIM	Asesoramento externo, entre outros	35.000,00	
CINBIO	Organización evento científico	35.000,00	
AtlantTic	Pago publicacións, asesoría externa para benchmarking, elaboración vídeos de difusión, pago cuotas, pequeno equipamento	18.500,00	
Outros gastos nos centros de investigación e centros de apoio á investigación	alfabetización oceánica na Década dos Océanos	50.000,00	
2.4. Apoio accións específicas de alto impacto		0,00	
Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	CIM	135.000,00	
	CINBIO	49.000,00	
	AtlantTic	148.500,00	
Financiamento basal dos centros CIGUS	CIM	75.555,56	151.111,11
	CINBIO	138.194,55	276.389,10
	AtlantTic	60.444,44	120.888,89
SUBTOTAL		825.194,55	581.389,10

As actuacións a levar a cabo son:

2.1. Xornadas portas abertas/divulgación

i. Xornadas de portas abertas dos centros singulares de investigación da UVigo: o CIM (Centro de Investigación Mariña), CINBIO (Centro de Investigacións Biomédicas) e AtlantTTIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación) son centros de investigación recoñecidos pola Xunta de Galicia que desenvolven actividades de I+D+i de elevada complexidade técnica e relevante utilidade social. Como se vén facendo nos últimos anos, estes centros por medio de xornadas de portas abertas

difunden o coñecemento á sociedade, permitindo poñer en valor o investimento público en I+D+i.

As xornadas van dirixidas a estudantes de Formación Profesional e carreiras do ámbito de coñecemento dos centros, escolares e visitas guiadas a colexios e público en xeral.

ii. Feiras/campañas de prensa: A Universidade de Vigo conta coa Unidade de Cultura Científica (UCC) encargada da difusión científica e que ten como obxectivo achegar o coñecemento científico ao público en xeral dun xeito accesible e comprensible, coa organización de diferentes accións como as seguintes:

- Elaboración e publicación de artigos informativos para blogs, revistas de divulgación científica e xornais locais para compartir información científica de xeito claro e atractivo.
- Utilización de plataformas e RRSS para compartir contidos científicos en forma de publicacións, imaxes, vídeos breves ou retransmisións en directo.
- Organizar charlas e conferencias sobre temas científicos de interese, convidando aos expertos en diferentes áreas da ciencia a compartir os seus coñecementos e experiencias co público.
- Participación en feiras e exposicións científicas para involucrar ao público en actividades prácticas e educativas, ofrecendo información sobre diversos temas científicos.
- Colaboración cos centros de ensino para a realización de actividades de divulgación científica (charlas, obradoiros e actividades prácticas) na aula.
- Promover a participación dos investigadores en programas de radio e televisión dedicados á ciencia e á divulgación científica.

Todas estas accións teñen como obxectivo desenvolver unha investigación e innovación responsable no marco do que a Unión europea e o programa Horizon Europe está a promover. Estas actuacións teñen tamén outro obxectivo a mais longo prazo, que é a mellora na reputación tanto académica como investigadora da UVIGO.

2.2. Accións formativas

A aprobación recente da Lei da Ciencia e a Lei do Sistema Universitario, os fondos europeos de recuperación, as diferentes convocatorias do programa Horizon Europe, supoñen un reto na xestión de fondos e na promoción de proxectos e actividades de investigación e transferencia.

Por elo, a formación permanente do persoal dos distintos servizos de apoio a investigación da universidade é unha necesidade para mellorar a captación de fondos da Universidades así como a súa correcta xustificación.

2.3. Expansión dos centros

i. Apoio accións no CIM (Centro de Investigación Mariña). O CIM encontrase neste momento construíndo unha embarcación híbrida enchufable. Para o seguimento e a correcta execución e toma de decisións no deseño da embarcación contratarase a un asesor externo.

Ademais, o CIM está a preparar a solicitude da convocatoria MARIA DE MAEZTU, para o que contratou unha consultora que orientase e guiase a elaboración desta memoria. Nos próximos meses tamén elaborará o novo plan estratéxico do centro 2023-2026 para o que será necesaria a contratación de asesoramento externo.

ii. Apoio accións no CINBIO (Centro de Investigación Biomédica): Inclúese financiamento para o evento científico CINVIGO, onde o centro de investigación CINBIO saca a ciencia á rúa e converte o centro de Vigo nun laboratorio de científicos, un gran evento para achegar a ciencia a todos os públicos. Neste acto aberto ao público en xeral, preséntanse proxectos científicos do alumnado de ESO, Bacharelato e FP nun concurso.

iii. Apoio a accións no Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic): Neste apartado incluíranse accións co obxectivo de impulsar e mellorar o funcionamento do centro. Entre esta accións, está a elaboración do novo plan estratéxico do centro a través da contratación de asesoramento externo e apoio na realización do benchmarking do centro.

Incluíranse tamén accións para aumentar a visibilidade do centro tanto para o público en xeral, coa elaboración de vídeos explicativos da investigación levada a cabo no centro como mediante a inscrición en diferentes asociacións internacionais.

Ademais, complementará os seus laboratorios con pequeno equipamento de uso común para todo o centro, como a adquisición dunha impresora 3D o un servidor de procesos.

iv. Outros gastos nos centros de investigación e centros de apoio á investigación: Alfabetización oceánica na Década dos Océanos

Neste apartado inclúense accións para fomentar a alfabetización oceánica, tales como:

- organización de charlas e obradoiros e a subministración de materiais educativos.
- colaboración con institucións de investigación e promoción de proxectos de ciencia cidadá.
- difusión de información, mediante o uso de redes sociais, blogs e outros medios de comunicación para compartir información relevante sobre os océanos, incluíndo problemas como a contaminación, a sobrepesca e o cambio climático.
- promoción de iniciativas cidadás relacionadas cos océanos e campañas de sensibilización.

- asistencia e organización de eventos relacionados cos océanos, como congresos, feiras mariñas e exposicións.

2.4. Apoio accións específicas de alto impacto

i. Adquisición actualización e mellora novas infraestruturas

- Centro de Investigación Mariña: Dotación de ferramentas clave para o desenvolvemento dos traballos a bordo dunha embarcación híbrida enchufable, como o pórtico de popa o unha grúa, que permiten largar e recoller os equipos de mostraxe. Ademais este orzamento permitirá dotar ao barco do sistema hidráulico necesario para o manexo destes equipos.

Para o ano 2024, inclúese dotación para un novo equipamento de medida que se instalará no casco do barco:

- Ecosonda multihaz para adquisición de datos batimétricos. Este equipamento completará a dotación da instrumentación oceanográfica básica do buque.
- Construción dunha sala de bioseguridade nas instalacións da ECIMAT
- Perfilador de turbulencias con winch

○ Centro de Investigación biomédica

Para esta anualidade 2023, orzáméntase a compra de vitrinas de extracción de gases para usos especiais que instalaranse nos laboratorios do CINBIO. Ademais para o ano 2024, financiaranse os seguintes equipamentos:

- Actualización sistema Raman.
- Dispositivo autoclave de alta presión Buchi,
- Microondas para síntese e fabricación de novos materiais
- HPLC-preparativo , equipo de cromatografía líquida para purificación de mostros, provisto de inxector automático, dos detectores (UV e índice de refracción) e colector
- Reómetro rotacional de coxinete axial magnético, para o estudo do comportamento viscosoreolóxico de mostras fluídas, hidroxelos, e/o suspensións nano/micro estruturadas

○ AtlanTTic

Para esta anualidade 2023, orzamentouse a compra dun servidor de cómputo e de unha cámara de termobaleiro para ensaios espaciais. Ademais para o ano 2024, inclúense os seguintes equipamentos:

- Chip fotónico programable Ipronic Smartlight Processor con 1 licencia de SW e un ano de soporte e actualizacións
- Estación base 5G movable para experimentación con redes privadas (industria, etc.).
- Estación de wire bonding

- Infraestrutura para o desenvolvemento dun subsistema de comunicacións ópticas clásicas e cuánticas para pequenos satélites, incluíndo un sistema PAT, e un receptor simplificado para laboratorio.
- Amplificador RF para complementar el equipamento de ensaios de compatibilidade electromagnética (EMC).
- Nodo de cálculo para el clúster de computación
- Sistema de monitorización de audio/vídeo para ensaios de compatibilidade (EMC).

ii. Financiamento basal dos Centros da Rede CIGUS.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

a) Custo de contratación de persoal propio e de nova contratación (persoal investigador, técnico e auxiliar de investigación e xestores de ciencia). Admítese o custo derivado da cofinanciación de programas competitivos de recursos humanos que así o esixan tales como os programas estatais Juan de la Cierva e Ramón y Cajal. Non se subvencionarán os custos de persoal que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de orzamentos xerais do Estado ou nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma. A contratación poderá ser a tempo completo ou parcial.

Queda excluído o persoal que desempeñe funcións administrativas. Tampouco poderá admitirse os custos de persoas que aínda vencelladas ao proxecto non o estean mediante unha relación contractual.

b) Formación científica que se desenvolva no marco do proxecto estratéxico do centro.

c) Custos de pequeno equipamento inventariable de nova adquisición. Dentro deste apartado considerarase:

- A instalación do equipamento, sempre que sexa estritamente necesaria para a súa posta en funcionamento.
- As licenzas e renovacións de licenzas de software se son de uso específico para as actividades específicas e non de uso xeral.

Neste punto non se considerarán os seguintes gastos:

- Instalacións de edificios (electricidade, climatización, redes de telecomunicacións...), e as que non sexan estritamente necesarias para o funcionamento do equipamento científico e técnico.

- Equipamento para espazos ou usos alleos ás actividades subvencionadas, como zonas de administración ou xestión, salas de reunións, despachos, mobiliario de oficina...

- Licenzas de software xeral.

d) Custo en material fungible

e) Custos de viaxe, axudas de custo e aloxamento do persoal adscrito ao proxecto para a actividade obxecto da axuda, sempre que a contía non exceda o 20 % da axuda debidamente xustificada anualmente. Este apartado abarcará unicamente: gastos de viaxe (por exemplo billetes, quilometraxe do vehículo, peaxes e gastos de aparcadoiro), custos de comida e de aloxamento nas contías máximas sinaladas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (actualizado por Resolución do 29 de decembro de 2005, DOG número 250, do 30 de decembro de 2005) para un grupo I. Non se considerarán neste apartado o persoal colaborador externo do centro.

f) Consultaría e asesoramento externo para a presentación de proxectos, a contratación de servizos externos entendidos como actividades prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultarías, asistencia técnica e servizos equivalentes para a execución das actividades investigadoras propias dos proxectos estratéxicos de investigación, informes técnicos, consultivos, tradución e corrección de textos científicos, publicación dos resultados de investigación en aberto (non son de aplicación nesta epígrafe os gastos de autoedición ou similares) e gastos asociados na publicación das memorias de actividades relacionadas co Proxecto Estratéxico

g) Gastos derivados das reunións do comité asesor externo (CAE), incluíndo gastos de viaxe, asistencia a reunións e elaboración de informes.

h) Actividades de divulgación e difusión, e material asociado, das actividades propias do Centro ou que nel se desenvolvan.

i) Gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría da xustificación económica por cada centro que obteña financiamento en cada unha das anualidades nas que a axuda estea activa. O custo por este concepto non poderá exceder de 1.200 € durante a vixencia do convenio.

Este financiamento abranguerá ata a publicación da resolución da nova orde reguladora da acreditación en excelencia e das axudas en estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia.

3. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN

Esta achega distribuirase:

3. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN			
		2023	2024
3.1. Apoio transformación agrupacións estratéxicas saíntes			
3.1.1. Reforzo estruturas xestión. Apoio campus especialización e antigas agrupacións estratéxicas			
ECOBAS	Apoio externo propostas ERC/outros, comités Externo, acción de difusión, Viaxes e dietas, material informático e funxible, organización de workshops e seminarios	50.000,00	
Especialización Creatividade	Revista CREA, asesoría técnica, actualización web, organización de eventos, actualización soportes comunicativos	15.000,00	
Especialización Tecnoloxía	Apoio iniciativas de investigación de estudantes, traballos de melloras para a acreditación do Campus, traballos de mantemento e actualizacións periódicas da web, equipos informáticos	15.000,00	
Especialización C. Auga	Material difusión, cuotas asociación, creación, actualización e mantemento da páxina web, reedición da documentación para a acreditación do Campus, organización conferencias	20.000,00	
3.2. Apoio á creación doutras estruturas			
CINTECX	Servizos externos, viaxes e axudas de custo, material funxible, pequeno equipamento, pago cuotas	50.000,00	
Instituto de agroecoloxía e alimentación	Deseño de Identidade Visual Corporativa e da web en tres linguas, material de comunicación, sinalética, elaboración de carteira de servizos, consultaría e asesoramento, melloras en instalacións e laboratorios, taxas, material funxible	20.000,00	
Instituto Lingaxe e Cognición	Equipamento, pequenas obras, difusión en redes	5.000,00	
Instituto de Xustiza e Xénero	Material informático, material funxible, RRSS, organización y asistencia a congresos	10.000,00	
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais	Gastos de consultaría, servizos informáticos, equipamento informático, organización de xornadas	20.000,00	
SUBTOTAL		205.000,00	0,00

As actuacións a levar a cabo son:

3.1. Apoio á transformación de agrupacións estratéxicas saíntes

ECOBAS: Entre as accións propostas para desenvolver neste centro están:

- Actividades de I+D: Convocatorias intramurais de ECOBAS de apoio a persoal investigador (organización de congresos, workshops, etc.) e outras accións de apoio a persoal investigador de ECOBAS non incluídas nas convocatorias intramurais ECOBAS, como tradución de artigos científicos.
- Actividades de Formación e Transferencia de Coñecemento: Seminarios e outras accións formativas organizadas por ECOBAS e accións para a promoción de ECOBAS como centro de investigación, e dos estudos de mestrado e doutoramento que están adscritos a ECOBAS.
- Gastos de mantemento da actividade de ECOBAS como o mantemento da páxina web; renovación da licenza de Zoom; renovación dos dominios web vencellados a ECOBAS.

Especialización Creatividade - Campus CREA

- Revista CREA. Presentación da revista, encargo de artigos científicos e divulgación mediática da mesma
- Asesoría técnica, para a elaboración do Plan cultural del campus e do plan de comunicación e divulgación científica
- Actualización da web do campus, incluíndo elaboración de contidos e tradución a outros idiomas
- Organización de eventos culturais e deportivos de promoción do Campus CREA
- Actualización dos soportes comunicativos, como a cartelería no campus e na cidade; directorios dos distintos centros do campus, etc

Especialización Tecnoloxía - VIGO Tecnolóxico

- Apoio iniciativas de investigación de estudantes como:
 - o Patrocinio do Foro Tecnolóxico de Emprego (adquisición de equipos de comunicación para o Foro e para realización das distintas reunións coas empresas, publicidade e promoción)
 - o Patrocinio co CES Uvigo, para adquisición de distintos materiais para a fabricación e mellora do barco solar Boeiro, así como outros equipos necesarios para a realización de estudos e análises.
 - o Patrocinio con UVigo SpaceLab, para a misión espacial do CubeSat BIXO, para a realización de probas de laboratorio e distintas melloras/test que se lle realicen ao satélite previo ao seu lanzamento.
 - o Apoio económico para a colaboración con asociacións de estudantes ou equivalentes

- Traballos de mellora para a obtención da acreditación do Campus de Especialización Vigo Tecnolóxico (preparación da documentación e actualización de indicadores)
- Traballos de mantemento e actualizacións periódicas da web vigotecnolóxico.uvigo.es, coa contratación de bolsa de horas para realización de melloras na web, actualizacións e mantemento necesario
- Renovación dos equipos informáticos

Especialización Campus AUGA

- Pago cota socio da "Plataforma Tecnológica Española del Agua" (PTEA)
- Creación, actualización de contidos e mantemento técnico da páxina web.
- Reedición da documentación para a solicitude de acreditación do Campus Auga.
- Cuota como socio da asociación "Aquavalor", centro de investigación multidisciplinar e de transferencia en tecnoloxías da Auga
- Organización das conferencias do programa de doutoramento do Campus Auga, nas xornadas anuais que se enmarcan nas liñas de investigación do programa
- Material de difusión do Campus Auga, incluíndo deseño gráfico e produción de material promocional (por ex., carpetas, bolsas ou mochilas).

3.2. Apoio á creación doutras estruturas

Apoio a accións no Centro de Investigación de Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (CINTECX)

- Organización reunións do Comité Científico Asesor externo
- Contratación de servizos externos:
 - o apoio a elaboración do próximo Plan Estratéxico e a solicitude de axudas.
 - o apoio a revisión, análise e mellora do sistema de xestión da calidade CINTECX segundo os requisitos da Norma ISO 9001.
 - o seguimento da implantación do sistema de xestión da calidade por parte da entidade certificadora (AENOR)
 - o dinamización do evento organizado segundo propón o plan estratéxico do centro, e apoio á redacción de propostas de proxectos mediante sesións pro-activas para xerar proxectos internacionais con mesas de traballo para a proposta e selección de ideas e convocatorias.
 - o elaboración de material audiovisual e impreso relacionado con actividades de difusión e promoción do centro, entre outros, vídeos, carteis, roll ups, folletos, etc. para feiras, eventos, etc., diverso material de merchandising para estes eventos
 - o Mantemento e actualización dos contidos da páxina web, así como a creación de novos espazos, complementos e contidos. Creación de contidos e dinami-

zación en redes sociais. Creación de material audiovisual por parte dunha empresa especializada.

- Plan de Formación contempla a realización de cursos de formación singulares para a investigación de excelencia en liñas prioritarias, dirixidos a todo o persoal investigador, e formar no manexo de equipamentos de autoservizo e mantelos actualizados sobre novas tecnoloxías e medios de proba.
- Proxectos internos: realización dunha convocatoria interna, na modalidade de concorrencia competitiva, denominada Desafío CINTECX (Acción A1 . 2 do Plan Estratégico), para o desenvolvemento de proxectos colaborativos de I+D entre os membros do centro
- Organización de xornadas científico-técnicas con relatores de relevancia internacional, participación de empresas e administración sobre temas acordes coas áreas do CINTECX, todo elo co fin de reforzar a relevancia internacional do centro.
- Material funxible de investigación, para o bo funcionamento das instalacións e equipamentos material de laboratorio, reactivos, material de impresión, electricidade e electrónica, etc.)
- Pago cotas anuais de adhesión a asociacións nacionais relacionadas coas liñas de investigación do centro (Asociación Nacional do Hidróxeno, Asociación Española de Tecnoloxías de Fabricación Aditiva, INTERVAL)
- Actuacións en salas e laboratorios de uso común: renovación e/ou nova compra de mobiliario nos distintos laboratorios e salas, etc., por deterioro asociado ao uso normal ou novas necesidades.
- Mantemento de equipos e pequeno material inventariable. Calibración e mantemento periódico dalgúns dos equipamentos da oferta de servizos, así como a adquisición de repostos e pequenos equipos inventariables para o laboratorio e taller mecánico. Por outra banda, é necesario adquirir unha impresora de filamentos que permita a impresión de pezas máis grandes.
- Gastos de viaxe e manutención para asistir ás reunións do consorcio e buscar socios tecnolóxicos; asistencia a foros, eventos, reunións de asociacións ás que pertencen; centros de investigación e tecnolóxicos, etc

Apoio a accións para a creación do Instituto de agroecoloxía e alimentación

- Deseño de Identidade Visual Corporativa e páxina web en tres linguas.
- Elaboración de carteira de servizos do instituto
- Consultoría e asesoramento, na solicitude de proxectos europeos
- Melloras en instalacións e laboratorios
- Pago de taxas, como a licenza de funcionamento da instalación radioactiva de terceira categoría situada no edificio do Campus da Auga
- Material funxible.

Apoio a accións para a creación dun Instituto de Linguaxe e Cognición

- Adquisición de equipos informáticos para persoal investigador, impresoras, canóns de proxección para conferencias, servidor propio
- Acondicionamento do espazo do Instituto. Instalación eléctrica e audiovisual e pequenas obras (pintura, selo de fiestras)
- Difusión en redes sociais, externalización de presenza en redes sociais

Apoio a accións para a creación dun Instituto de Xustiza e Xénero

- Material informático
- Primeira publicación de investigación del Instituto Xustiza e Xénero, para a presentación das liñas de investigación, guía e obxectivos do instituto.
- Material funxible e de difusión, incluíndo roll-ups, material de oficina, etc.
- Organización dun congreso Internacional para a presentación do instituto. Conferencias perspectiva feminista por expertos
- Desenvolvemento da imaxe do instituto nas redes sociais, mediante un blog, podcast, red bibliográfica internacional xénero
- Formación, coa organización de talleres de formación en investigación con perspectiva de xénero
- Asistencia a Congresos, encontros relacionados con Xustiza e Xénero

Apoio a accións para a creación dun Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais

- Gastos de consultoría, para apoio á solicitude de proxectos e posicionamento do instituto
- Servizos informáticos, parta mantemento da web, redes sociais, software, etc.
- Material inventariable , coa adquisición e actualización de equipos informáticos e/ou para a posta en marcha de novas liñas de investigación
- organización de xornadas, networking do instituto, incluíndo o pago de viaxes entre campus, organización de xornadas ou eventos para posicionamento público do instituto, impresión de carteis e outros

4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

Esta achega distribuirase:

4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN		
	2023	2024
ACONDICIONAMENTO FFT zona Enx. Química	170.000,00	
Acondicionamento CACTI - Planta Piloto	70.000,00	
Acondicionamento módulo 3 CINBIO para captación de talento	277.335,00	

Mobiliario módulo 3 CINBIO y laboratorio cuántico para captación de talento	200.000,00	
SUBTOTAL	717.335,00	0,00

As actuacións a levar a cabo son:

Acondicionamento Facultade de Filoloxía e Tradución, zona Enxeñaría Química:

No pavillón Isaac Newton ten os seus laboratorios de investigación o grupo de Enxeñaría Química BIOSUV (Bioenxeñaría e procesos sostíbeis) pertencente ao CINTECX Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía y Procesos Industriais.

O edificio no que ten a súa sede foi construído en 1978 e precisa dunha renovación das instalacións que permita desenvolver a investigación en condicións de seguridade e eficiencia.

As obras consisten na actualización do espazo de laboratorio de Enxeñaría Química coa substitución das liñas de gases, mellora da instalación eléctrica, reforma da iluminación, substitución das liñas de fontanería e acondicionamento interior. Tamén é preciso dotar de vitrinas de gases e de mobiliario de laboratorio algúns espazos.

Acondicionamento CACTI - Planta Piloto

Desprazamento de equipos e acondicionamento de espazos para o traslado do CACTI dende o Polígono de San Cibrao ao edificio do Campus da Auga no Campus de Ourense

Acondicionamento módulo 2 CINBIO para captación de talento

Acondicionamento interior de espazo no módulo de CINBIO para laboratorios de investigación. Inclúe trasdosados instalación eléctrica, gases, fontanería, climatización, acabados, particións e pavimentos.

Mobiliario módulo 2 CINBIO y laboratorio cuántico para captación de talento

A Universidade de Vigo está a realizar unhas obras de adecuación no Módulo 3 do edificio do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) para xerar novos laboratorios de investigación.

Para poder ser operativos, devanditos laboratorios requiren dun mobiliario específico, adaptado ás condicións da investigación que se desenvolva neles. O mobiliario debe reunir unhas condicións de seguridade, resistencia e durabilidade específicas adaptadas ao traballo que se vai a realizar nos laboratorios.

É necesaria a subministración de mesas de laboratorio, andeis, mobles con rodas, armarios de ácidos e bases, duchas de emerxencia, vitrinas de gases, taburetes e mobiliario auxiliar.

5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+i

Esta achega distribuirase:

5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+i			
		2023	2024
Proxectos colaborativos UVIGO-UMINHO			50.000,00
Apoio a organización de congresos internacionais		40.000,00	35.000,00
Lingua galega	Apoio a Servicio de Publicacións na edición de bibliografía en galego e outras accións de apoio a o galego	20.000,00	
Políticas de ciencia aberta	Integración European Open Cloud e portal en aberto da investigación	22.000,00	
Apoio a implantación do selo HR na UVigo		20.000,00	
Patentes		25.000,00	
Proxecto excavación Adro Vello		193.000,00	
Documental sobre Dereito Civil de Galicia		40.000,00	
Prórroga contratos pos-doutorais- 2019		134.582,65	60.183,25
SUBTOTAL		494.582,65	145.183,25

i. Proxectos colaborativos UVIGO-UMINHO: accións para establecer unha alianza estratéxica que reforce as posibilidades das dúas universidades (reunión de toma de contacto entre investigadores das dúas universidades e convocatoria de proxectos conxuntos a financiar por este convenio en áreas temáticas de interese.)

ii. Apoio a organización de congresos para dar difusión, crear debate e intercambio de experiencias entre investigadores de todo o mundo e a comunidade universitaria. No presente convenio financiaranse parcialmente unha serie de congresos nacionais de alto impacto e congresos internacionais. Entre eles:

- I Jornada de Open Science (<https://open-science.es>). 1 e 2 de xuño de 2023
- Seminario de Pensamento Contemporáneo: 28 e 29 de xuño de 2023 A función do seminario é fomentar a produción de proxectos de investigación e obradoiros de traballo e investigación sobre temas candentes na reflexión teórica internacional (<http://spc.webs.uvigo.es/gl/>). Inclúe a visita de catro investigadores de relevancia internacional na temática a tratar.
- Eunis2023, European Universities and the digital transformation: Challenges and opportunities ahead (<https://www.eunis.org/eunis2023/>). 14-16 de xuño. EUNIS é a

organización europea dos sistemas de información universitaria e o seu principal obxectivo é axudar as institucións membros a desenvolver os seus sistemas informáticos.

The Thinking Institute. O seu obxectivo é reunir a científicos de todo o mundo para discutir sobre ciencia cunha mente aberta, para que poidan xurdir novas direccións de investigación nun ambiente multidisciplinar. Organizada polo profesor Luis Liz-Marzán e apoiada polo CINBIO.

- STAR Global Conference 2023. Transformative Education for an Interconnected and Equitable World. A conferencia dedicarase a crear un foro innovador e de reflexión para público tanto disciplinario como transdisciplinar.

- Xornadas de investigación das Universidades Españolas, 2024: O encontro reúne aos principais responsables da política científica e da xestión da investigación, transferencia e innovación de universidades españolas. As sesións desenvolveranse durante tres días.

iii. Utilización da lingua Galega: apoio ao compromiso de normalización, recuperación e dinamización da lingua galega a través da súa Área de Normalización Lingüística, que é a encargada de darlle soporte técnico ao proceso de extensión do uso da lingua galega en todos os ámbitos, incluído o investigador. No marco deste convenio vanse financiar a edición de bibliografía en galego e outras accións de apoio ao galego no Servizo de Publicacións da Universidade.

iv. Políticas de Ciencia Aberta

A UVIGO, aliñada co selo europeo HRS4R dende o 2017, inclúe entre seus accións principais promover a Ciencia Aberta en todos os seus ámbitos. Así, está a levar a cabo accións informativas e formativas aos distintos grupos universitarios.

A UVIGO é socia da European Open Science Cloud Association (EOSC). Ademais, dende o ano pasado a UVIGO conta co portal científico, no que de forma aberta e transparente pódese consultar a produción científica da nosa Universidade. Neste senso, este orzamento dedicarase a financiar a cota de Socios no EOSC, mais o mantemento anual do portal científico.

v. Apoio a implantación do selo HR na UVigo

Deste xeito, o orzamento solicitado neste convenio empregarase na tradución de diferentes apartados da web, así como de documentos oficiais ao inglés. Tamén contamos co desenvolver una campaña activa de difusión do selo, co apoio do Vicerreitorado de Comunicación e a Unidade de Cultura Científica da UVIGO.

vi. Apoio a desenvolvemento e tramitación de patentes e spin-offs

Promóvese a realización de patentes a través da promoción e a financiación dos gastos dos trámites necesarios para patentar ditos resultados.

vii. Escavación Adro Vello (O Grove)

A proposta de actividades para o ano 2023 inclúen dúas accións:

a) Actuacións directas no xacemento: A proposta inclúe a súa vez diferentes tarefas que hai que executar para que o xacemento quede nunha situación idónea para levar a cabo a seguinte fase: a súa musealización e apertura ó público. Estas tarefas son: limpeza, escavación arqueolóxica/antropolóxica, conservación-restauración e investigación. Amais destas tarefas, o proxecto previsto tamén inclúe un proxecto de difusión directa do proxecto e do xacemento.

b) Redacción dun Plan Director para Adro Vello: O xacemento de Adro Vello presenta unha especial complexidade para a súa interpretación, comprensión e preservación. Con este motivo, considérase fundamental a redacción dun documento (que pode chamarse Plan Director) que sirva coma instrumento para planificar estratexias de actuación futuras sobre o ben.

viii. Documental sobre “Os nosos dereitos”

Documental mixto con partes cinematográficas (sen diálogo e con narrador) sobre o dereito civil en Galicia. Institucións coma as serventías, a apartación, a sucesión, e tamén temas mais propios de arqueoloxía xurídica pero que non deixan de ser necesarios na súa promoción coma os muíños de herdeiros conforman a argumentación principal do documental. O documental contará ademais coa participación activa de persoas relevantes desde o punto de vista xurídico, titulares de Notarías, de Cátedras universitarias, e que se adican ao exercicio da avogacía.

ix. Prórroga contratos posdoutorais- 2019

En relación coas axudas para a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, tendo en conta os cambios normativos derivados da modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, de ciencia, tecnoloxía e innovación, inclúese con cargo ao presente convenio:

- No caso de que as persoas que superen a avaliación para obter a modalidade posdoutoral B, o financiamento será o correspondente á posdoutoral – modalidade B e abranguerá dende o día seguinte ao da finalización do contrato posdoutoral 2019 – modalidade A ata a resolución de concesión.

- No caso de que as persoas non superen a avaliación para obter a modalidade B, o financiamento será o correspondente á posdoutoral – modalidade A e abranguerá dende o día seguinte ao da finalización do contrato posdoutoral 2019 – modalidade A ata un máximo dun ano.

6. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO NA CALIDADE DA DOCENCIA

Esta achega distribuirase:

6. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO NA CALIDADE DA DOCENCIA			
		2023	2024
Estratexia de apoio aos mestrados de excelencia	M. Tradución para a comunicación internacional	20.000,00	20.000,00
	M. Biotecnoloxía avanzada	10.000,00	10.000,00
	M. Matemática industrial	7.000,00	7.000,00
Experiencia piloto centro docente innovador	Experiencia piloto de mestrado dual	20.000,00	20.000,00
	Experiencia piloto centros docentes innovadores	15.000,00	
	Servizo de virtualización de laboratorios	35.000,00	
	Grao excelente innovador		50.000,00
SUBTOTAL		107.000,00	107.000,00

i. Estratexia de apoio aos mestrados de excelencia

Desde a Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente estase a impulsar accións de apoio aos mestrados de excelencia para o desenvolvemento e a mellora da calidade dos mesmos e para manter os requisitos que deron lugar á obtención da mención de Mestrado Excelente da Xunta de Galicia. Así mesmo, incentivar a incorporación de profesorado externo de recoñecido prestixio e a implantación no programa formativo de módulos de emprendemento e auto emprego.

Este convenio outorga financiamento, exclusivamente, aos seguintes mestrados de excelencia: Tradución para a comunicación internacional, Biotecnoloxía avanzada, Matemática industrial

ii. Experiencia piloto centro docente innovador

- Esta actuación inclúe, en primeiro lugar, o **desenvolvemento dunha experiencia de mestrado dual** que incentive un proceso formativo que potencie a colaboración entre a universidade e o sector produtivo compartindo un espazo de reflexión que mellore a perspectiva de emprego dos xoves estudantes.
- Esta actuación inclúe o **desenvolvemento dunha experiencia piloto nun centro docente para incentivar accións de innovación docente** en liña co Real Decreto 822/2021 nunha estratexia metodolóxica específica e diferenciada que estructure a globalidade dun título universitario oficial. Así, desenvol-

veranse propostas educativas de calidade relevantes para o estudantado e promoveranse deseños competenciais e experiencias baseadas en situación reais que favorezan o desenvolvemento persoal.

Para iso, abordaranse accións de mellora na docencia, a través da participación do profesorado e estudantado en actividades relacionadas coas contornas de aprendizaxe, desenvolvemento de novas metodoloxías de aprendizaxe, e novas ferramentas de elaboración de recursos educativos.

- Ademais, inclúese o desenvolvemento do proxecto de **virtualización de laboratorios** mediante o cal, se están a crear espazos para clases, conferencias, presentación de pósteres, exhibicións, etc.

Brindará un marco de experimentación para que estudantes e investigadores/as da Universidade de Vigo leven a cabo probas e proxectos relacionadas cos tecnoloxías do metaverso. Dito entorno albergará laboratorios virtuais que aporten un valor engadido, coa previsión de que poidan ser utilizados de maneira transversal por diferentes titulacións e centros que desenvolvan contidos semellantes. Debido a súa estrutura e valor económico, hai laboratorios que non se poden duplicar en diferentes centros e a virtualización permitiría o seu uso independentemente do espazo físico que ocupen.

- No marco do Real Decreto 822/2021, a Xunta de Galicia impulsará no ano 2024 o **Selo de Excelencia de Grao no Sistema Universitario de Galicia** e este convenio outorgará financiamento ao grao/s que obteñan dito selo.

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UVigo para impulsar as accións descritas neste convenio.

A UVigo comprométese a desenvolver as accións descritas así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A universidade tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán

proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De non facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación será causa de reintegro de ata o 1 % da subvención concedida.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a UVigo non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de 3.477.684,55 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

	2023	2024	TOTAL
ANUALIDADES	2.644.112,20	833.572,35	3.477.684,55

Esta cantidade de 3.477.684,55 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.

- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de congresos.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas ou no caso de que non se poidan adxudicar as obras establecidas neste convenio, poderanse incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio ou pequenas reformas, previa comunicación.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituírase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 1 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte. No caso da última anualidade 2024, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento

da Lei de subvencións, o prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2024.

- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (6), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Os pagamentos dos contratos de persoal correspondentes ás nóminas e á seguridade social dos meses de novembro e decembro da anualidade de 2023 poderán presentarse como xustificante de gasto da anualidade do ano 2024.

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Vigo.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Pagamentos a conta

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, poderá realizarse adicionalmente outro pagamento a conta anual. O pagamento a conta poderá supoñer a realización dun pagamento fraccionado que responderá ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Este pagamento adicional ao establecido na cláusula quinta deberá cumprir dúas condicións:

- Deberá presentarse a documentación xustificativa antes do 30 de setembro.
- De conformidade co disposto no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia: o importe conxunto dos pagamentos a conta que no seu caso se concederan non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Para proceder ao seu pagamento a UVigo deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula quinta.

A UVigo está exenta da obriga de constituír garantías para os pagamentos a conta, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do regulamento antes mencionado.

NOVENA.- Modificación do convenio

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo

31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Extinción do convenio

Non obstante o establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2024.

DUODÉCIMA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos

artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2022/C414/01), publicado no “Diario Oficial da Unión Europea” C 414, de 28 de outubro de 2022, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a UVigo deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de

decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UVigo consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO-CUARTA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e
Universidades

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo (UVigo)